

# IX Certame de Creación Literaria «Terra de Melide»



2010

## BASES:

1. Poderán concorrer todas/os as/os autoras/es cunha única obra narrativa, novela ou relato(s) curto(s), escrita en lingua galega, cunha extensión mínima de sesenta páxinas.
2. As obras presentadas deberán de ser orixinais e inéditas, non premiadas noutros concursos. Presentaranse por quintuplicado, en tamaño folio DINA4, mecanografadas a duplo espazo por unha soa cara, debidamente grampadas ou encadernadas, baixo plica, sen remite, co título da obra e un lema, nome do autor e teléfono de contacto.
3. O premio está dotado de 6000 euros. Compete ao xurado outorgar o premio ou deixalo deserto, ou ademais salientar unha obra como finalista do certame. O/a gañador/a tamén recibirá o 10% da venda dos libros.
4. O xurado estará constituído por cinco integrantes, ademais dun presidente/a (alcaldesa/alcalde do Concello de Melide) e unha secretaria/o que non terán nin voz nin voto.
5. O Concello de Melide garante a publicación da obra gañadora a través da editorial Edicións Xerais de Galicia, SA.
6. A decisión do xurado darase a coñecer por volta do 7 de xuño de 2010, data simbólica para as melidás e melidaos, pois o 7 de xuño de 1933 saíu do prelo da Editorial Nós o libro Terra de Melide.
7. As obras deberán de enviarse antes do 15 de abril de 2010, data na que remata o prazo de presentación, á Secretaría Xeral do Concello de Melide, praza do Convento, nº 5, Melide, A Coruña.
8. A interpretación das bases correspóndelle unicamente ao xurado. Polo simple feito de participar, o/a autor/a comprométese a acatalas.

organiza



CONCELLO  
DE MELIDE

# VI Certame de Investigación «Terra de Melide»



## 2010

### BASES:

1. Poderán concorrer a esta convocatoria traballos de investigación que teñan por obxecto **Melide e a súa comarca**, calquera que sexa o eido de estudo da bisbarra melidá: **filolóxico, científico, histórico, etnogáfico, arqueolóxico, arquitectónico, biolóxico, etc.**
2. As obras presentadas deberán de ser **orixinais e inéditas**, non premiadas noutros concursos. Presentaranse por **quintuplicado**, en tamaño folio DINA4, mecanografadas a duplo espazo por unha soa cara, debidamente grampadas ou encadernadas, baixo plica, sen remite, co título da obra e un lema, nome do autor e teléfono de contacto.
3. O premio está dotado de **1000 euros**. Compete ao xurado outorgar o premio ou deixalo deserto, ou ademais salientar unha obra como finalista do certame. O Concello de Melide garante a súa publicación.
4. O xurado estará constituído por cinco integrantes, ademais dun presidente/a (alcaldesa/alcalde do Concello de Melide) e unha secretaria/o que non terán nin voz nin voto.
5. A decisión do xurado darase a coñecer por volta do **7 de xuño de 2010**, data simbólica para as melidás e melidaos, pois o 7 de xuño de 1933 saíu do prelo da Editorial Nós o libro Terra de Melide.
6. As obras deberán de enviarse **antes do 15 de abril de 2010**, data na que remata o prazo de presentación, á **Secretaría Xeral do Concello de Melide**, praza do Convento, nº 5, Melide, A Coruña.
7. A interpretación das bases correspóndelle unicamente ao xurado. Polo simple feito de participar, o/a autor/a comprométese a acatalas.

organiza



**CONCELLO  
DE MELIDE**